

Pictionome

“Prezado profesor e señorita Tate:

Os membros da Comisión de Taxonomía Vexetal do Instituto Smithsonian temos o pracer de informallos de que vostedes identificaron unha nova especie de vez ata o de agora descoñecida... É costume pórlle o nome da primeira persoa que identifica a especie, ou calquera outro nome que este escollo, sempre que non estea xa en uso. Permítenos suxerirlle que a planta sexa coñecida como Vicia tatei? Isto iría na liña dos costumes habituais en taxonomía.” A evolución de *Calpurnia Tate*. Jacqueline Kelly.



A protagonista do texto introdutorio, *Calpurnia Tate*, é unha rapaza da túa idade. Cres posible que un rapaz coma ti poda descubrir unha nova especie? Que nome lle porías?

Como moi ben di o texto o descubridor ten dereito a poñer nome a especie que descubre. Pero non todo vale na nomenclatura científica. Por exemplo, dende hai varias décadas está prohibido poñer nomes degradantes, e todo porque a alguén se lle ocorreu poñer o nome da súa sogra a un bicho feo. Agora ben, estou falando do nome científico, porque cada un pode poñer o nome vulgar que lle pareza.

Para evitar confusións todas as especies de seres vivos teñen un nome, o nome científico, que non cambia dun país a outro. Desta forma, nun texto en chinés calquera persoa pode recoñecer os nomes científicos sen necesidade de saber o idioma. Imos probar, intenta atopar os nomes científicos neste texto:

德爾兒子貝洛斯的德羅斯連接薩玻璃體兒洛斯的連接個 *Lambeosaurinos*
hadrosáuridos 去克雷斯塔': 卡戎龍屬 *Charonosaurus jiyinensis* 日甲寅, 阿穆爾龍屬
Amurosaurus riabinini 恩布拉戈維申斯克, *Oloratitan arharensis* 恩聯合國貝洛斯的龍的貝洛斯的
龍恩烏拉嘎。洛杉磯 *hadrosauridos* 德卡韋薩玻璃體兒子貝洛斯的龍, 佩羅貝洛斯的龍克貝洛
斯龍屬 *Kerberosaurus manakini* 恩布拉戈維申斯克兒子貝洛斯的連接烏拉嘎兒子貝洛斯的。

Que teñen en común todos os nomes científicos?

- Número de palabras?
- Maiúsculas e minúsculas?
- Negriña, cursiva?

Ben, xa sabemos algo máis dos nomes científicos. Agora intenta atopalos neste texto en inglés.

Transylvanian dinosaurs, whose fossil remains are known since Nopcsa's time, mainly consist of the sauropod *Magyarosaurus*, the ankylosaur *Struthiosaurus*, and the ornithomimids *Zalmoxes* and *Telmatosaurus* (Weishampel *et al.*, 1991; Pereda Suberbiola, 1996). Adult individuals of all of these genera are smaller than their closest relatives from elsewhere in the world. The rhabdodontid *Zalmoxes robustus* was probably 3 m long (Weishampel *et al.*, 2003), the basal hadrosaurid *Telmatosaurus transsylvanicus* was about 5 m long (Weishampel *et al.*, 1993), and the titanosaurian *Magyarosaurus dacus* possibly did not exceed 5-6 m in length (Nopcsa, 1915).

Veña, e agora máis fácil, un en castelán. (incluso, si te fixas un pouco, podes traducir o texto chinés)

Más del 90% de los huesos descubiertos en estos yacimientos pertenecen a *Lambeosaurinos* *hadrosáuridos* de cresta-hueca': *Charonosaurus jiyinensis* de Jiayin, *Amurosaurus riabinini* en Blagoveschensk, *Oloratitan arharensis* en Kundur y a un nuevo género en Wulaga. Los hadrosauridos de cabeza plana son menos numerosos, pero aparecen diversos también; *Kerberosaurus manakini* en Blagoveschensk y dos nuevos géneros en Kundur y Wulaga respectivamente.

Ao longo desta unidade estamos atopando moitos textos e vídeos en inglés, o idioma da ciencia no século XXI. Tendo en conta os nomes científicos dos textos, cal cres que era a lingua da ciencia cando se inventan os nomes científicos no século XVII? Nunca escoitastes iso de “ese sabe latín”?

Pictionome

Chega o momento de practicar para que non teñas problemas no caso de necesitar poñerlle nome a un ser vivo.

Como acabamos de ver, os nomes científicos escríbense en empregando raíces latinas (tamén gregas). Respecto ao nome hai poucas regras pero si que se roga



que sexa descritivo, é dicir, que sabendo un pouquiño de latín, e de grego, sexamos capaces de coñecer algunhas das características do ser vivo a partir do nome. Por exemplo, o chasco, ese paxariño da esquerda, chámase *Saxicola torquatus*. Ese nome infórmanos de:

- Que vive en zonas rochosas. Saxum, "rocha" + incola, "quen habita nun lugar".
- E *torquatus*? Mira ben a foto.

Proba a imaxinar os seguintes dinosauros a partir do seu nome (como por agora non sabemos moito de grego, nin de latín, mirade nesta [páxina](#) para facer a tradución):

- Deinocheirus
- Deinonychus
- Oviraptor
- Velociraptor
- Barosaurus

Preparados? Xoguemos entón.

A dinámica do noso xogo, o **Pictionome**, é similar ao [Pictionary](#),. A principal diferenza é que aquí todos os nomes farán referencia a dinosauros polo que só debuxaremos eses animais. Empregaremos as raíces gregas e latinas que aparecen no seguinte cadro.

a,ar,and	no, sen	cheirus	brazo
acro	parte superior	mono	único
alti	alto,grande	mucro	<i>punteado</i>
brachio	brazo	pachy	delgado
brachy	curto	ped	pés
rhino	nariz	penta	cinco
rufus	vermello	pola,poly	moito
datyl	dedo	phalangia	dedos
fuscus	marrón	ptero	alado
derm	pel	caeruleus	azul
di	dous	tri	tres
don,den	dente	rex	rei
gnatus	mandíbula	stereo	par
lana	<i>lanudo</i>	tetra	catro

Un grupo ten que fabricar un nome científico dun dinosauro e pasarlle a tarxeta ao debuxante doutro grupo.

Este terá que conseguir que o seu equipo adiviñe o nome científico só mediante debuxos.

Para aumentar a emoción todos os grupos recibirán unha carta dun equipo diferente.

O primeiro en acabar gaña.

Reglas fundamentais:

- O nome científico ten que ser descritivo e debe poder ser debuxado.
- NON SE PODE FALAR.

Investigamos:

- ✓ Que profesor sueco inventou o actual sistema para nomear aos seres vivos?
- ✓ Como se chama ese sistema?
- ✓ Ese profesor ensinou na mesma universidade na que traballou un dos científicos galegos máis importantes da actualidade. De que científico se trata?
- ✓ En que temas traballa ese científico?